

A iniciativa

Martina González Veiga

Psicóloga, sexóloga e terapeuta de parella do Centro de Sexología Con mucho gusto!

«Seguimos reproducindo estereotipos e mitos de xeración en xeración»

A experta sexóloga participa na I Feira Feminista que vai ser hoxe en Ribadeo

YOLANDA GARCÍA

VIVEIRO / LA VOZ

Nace en Ribadeo a I Feira Feminista do Outono impulsada polo Observatorio da Mariña pola Igualdade e o Concello ribadense e que hoxe contará coa psicóloga e sexóloga Martina González Veiga, entre outros expertos.

—**Seguro que ten o pracer, nunca mellor dito, de formar parte da axenda desta iniciativa pioneira. Como valora que naza esta feira?**

—É unha iniciativa tremendamente necesaria. As mulleres aínda estamos lonxe de acadar unha igualdade real, e é preciso visibilizalo, facer pensar. Do que non se fala non existe. Estou convencida de que esta I Feira Feminista converterase nun referente para visibilizar as discriminacións e as violencias que vivimos, aportarnos solucións e tecer redes de apoio e coidados. Un ambiente festivo, reivindicativo e positivo, que sen dúbida aportará algo fundamental: activará o pensamento crítico.

—**Falaralles ás mozas de autoconñecemento e sexualidade. A adolescencia, como é nese senso? Como deben falarlles os pais?**

—O obradoiro está dirixido a mozas de 14 a 18 anos. Están nunha etapa de cambios de descubrimento, de experimentación, necesitan información fiable para comunicarse, coñecerse e vivirse mellor, cada persoa ao seu ritmo e ao seu xeito, sen que lles imponían estereotipos ou xeitos únicos de ser e ter sexo. É importante que pais e nais entendan que a educación sexual comeza na infancia, e que non falar tamén é educar. Non fai falla sabelo todo, poden acompañalos na búsqueda de información, pero se non abren a canle de comunicación,



Martina González Veiga dá un obradoiro e unha charla. MELISSA GÓMEZ

O seu paso pola feira ribadense.

De 16.00 a 17.30 dará o obradoiro «Quererme ben para querer mellor» e ás 19.30 a charla titulada «O clítoris en 3D».

vai ser moi difícil que os fillos/as lles consulten dúbidas e problemas. A charla vai sobre o clítoris, a súa visibilización histórica e como afectou a sexualidade das mulleres ata o día de hoxe.

—**Segue a ser tabú falar de sexo e por que. Ou... houbo algún avance á hora de tocar ese tema con naturalidade xa que estamos no mundo das novas tecnoloxías?**

—Porque o acceso á información en Internet non garante que sexa de calidade nin que eduque. Hai que fomentar a conciencia crítica e dar unhas bases para poder filtrar a información que recibimos. Segue sen haber educación

sexual nas escolas, o profesorado carece de bos recursos para facelo dende as súas carreiras universitarias e seguimos reproducindo estereotipos e mitos de xeración en xeración. É importante entender que a educación sexual vai alén das prácticas e da prevención de ITS, vai de coñecer, amar e respectar o teu corpo e o dos demais, de querer ben, de xestionar o consentemento nas relacións afectivas e sexuais, vai de bo trato.

—**De que estereotipos fala?**

—En xeral segue o mito do coito como o único xeito de ter relacións sexuais, sostendo outros mitos como o de que as mulleres teñen que chegar ao orgasmo coa penetración ou que os homes teñen que ter ereccións máis duradeiras para gozar. Tamén o mito de que o sexo flúe, que non fai falla falar, como se a todas as persoas nos gustase o mesmo... Este mito acentúase nas relacións

NON A PERDAS

Cita pioneira e moi completa

O escenario principal da I Feira Feminista de Ribadeo será a Praza 8 de maio. Haberá actividades dende as 11.30. No plano musical de A Subela, Erikas e Peluxías, Touciño Blues e Punkiereteiras. Lerá o pregón ás 12.00 a actriz Sonia Méndez. Haberá «vermús» en locais da hostalería a mediodía. De 16 a 20, no Teatro proxecharase un ciclo de curtas feministas. De 17 a 19.30 presentaranse proxectos feministas na Oficina de Turismo por parte de expositores e outros.

esporádicas. Paradoxicamente canto menos sabes da persoa menos falas, e máis inventas na túa cabeceira. Mantéñense estereotipos como que os homes teñen máis desexo e que depende deles que as mulleres disfruten ou non. E as mulleres seguen a lidiar coa culpa, vivindo en contradicción ou se nos tacha de «recatadas» ou de «frescas» e hai un gran descoñecemento da vulva e do aparello xenital interno. Seguimos indo máis a render que a sentir, gozar, conectar e divertirnos.

—**A pregunta máis «rara» que lle fixeron sobre sexualidade.**

—Non hai preguntas raras (sorri). Coa pouca educación e información que nos dan, calquera pregunta é posible. Calquera pregunta está ben, ninguén nace sabendo. Pero si que hai vergoña e medo á hora de falar de sexualidade.